

## ACORDO DE GOBERNO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Xurxo Charlín Trigo, con DNI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

### Exposición de motivos

Esta ordenanza é obxecto de unha modificación de carácter técnico, dado que a ordenanza contiña duplicidades e incoherencias coa regulación que deste imposto realiza o TRLRFL. Isto débese a que a ordenanza se limitaba en boa parte a repetir o contido da lei coa deficiencia de non ser actualizada completamente para adaptala ós cambios introducidos na mencionada lei.

Con esta modificación procedeuse a reducir o texto da ordenanza, pasando a regular unicamente aqueles aspectos nos que o texto vixente do TRLRFL permite actuar á potestade regulamentaria das entidades locais. Desta forma a ordenanza fiscal está mais "protexida" ante eventuais modificacións do TRLRFL.

Esta modificación non afecta ó contido cuantitativo e cualitativo ou substantivo e formal da ordenanza.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, propón que, previo dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

### 1º) MODIFICAR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

**PRIMEIRO.-** Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas, nos termos que se transcriben a continuación:

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

#### PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

acorda a aprobación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles, que se rexerá polo disposto nos artigos 78 a 91 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais lexislación aplicable, así como polo establecido nesta ordenanza.

#### ARTIGO 1. – Exencións

As exencións previstas no artigo 82.1. b) e) e f) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que terán carácter rogado, concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuir concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da subvención.

#### ARTIGO 2. – Coeficiente de situación

Os efectos do previsto no artigo 87 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais.

##### Primeira categoría

- Avenida de Vilariño (ata a Rúa Beleco)
- Rúa Ourense
- Rúa Real
- Praza do Concello
- Rúa Pontevedra
- Praza de Fefiñáns
- Avenida de Galicia (ata a Rúa Valvanera)
- Rúa Nova e prolongación
- Rúa Riveira de Fefiñáns e Pombal (ata a Avenida de A Coruña)
- Avenida de Madrid
- Praza de Ramón Cabanillas
- Rúa Padre Peña
- Praza Alfredo Brañas
- Rúa Príncipe
- Rúa Hospital
- Rúa Curros Enríquez
- Rúa do Rollo
- Rúa Novedades
- Praza de A Leña
- Rúa de A Leña
- Praza S. Gregorio

- Rúa S. Gregorio
- Rúa Infantas
- Rúa Isabel II
- Avenida de A Pastora (ata a Rúa San Francisco)
- Praza de Asorey
- Alameda de Santo Tomé
- Paseo da Calzada
- Rúa Caracol
- Rúa Muelle de Santo Tomé
- Praza e Caleixón das Rodas
- Rúa San Francisco
- Rúa Plácido R. Castro
- Rúa Álvaro Cunqueiro
- Rúa Alfonso R. Castelao
- Rúa Celso Emilio Ferreiro
- Avenida de A Coruña
- Rúa Sevilla
- Rúa Pardo Bazán
- Rúa Valle Inclán (ata o cruce Rúa Pardo Bazán)
- Rúa Borrón
- Rúa Narciso Pérez
- Praza Compostela
- Rúa Compostela
- Avenida de Villagarcía
- Rúa Carlos Maside
- Rúa Pesqueira
- Rúa Vilanova de Arousa
- Rúa O Grove
- Rúa Meis
- Rúa Meaño
- Rúa Ribadumia
- Rúa Sanxenxo
- Rúa Beleco
- Rúa Valvanera
- Avenida Rosalía de Castro
- Rúa Carballeira
- Rúa Montesacro
- Rúa Os Pazos
- Rúa Alameda Vella
- Rúa R. Otero Pedrayo
- Rúa Blanco Amor
- Avenida de A Pastora (dende a Rúa S. Francisco ata os cruces Rúa Sabugueiro e Rúa Os Pazos)
- Rúa Santa Margarita
- Rúa San Roque

- Rúa Albariño
- Rúa das Rodas
- Rúa e Praza a Torre
- Rúa Os Olmos
- Rúa Lugo
- Rúa Rego
- Travesía do Rollo
- Rúa San Benito
- Rúa Rianxeira
- Rúa Bimbio
- Rúa Arousa
- Rúa Esperanza
- Rúa Albergue
- Rúa Barreiro e Travesía
- Travesía da Alameda
- Rúa Fomento
- Rúa Eduardo Pondal
- Rúa J. Caamaño Bournacell
- Praza de Abraldes
- Rúa Manuel Murguía
- Caleixón Alameda Vella
- Caleixón do Albergue
- Travesía Valle Inclán
- Entidade Rural de a Barca
- Entidade Rural de Couto de Abaixo
- Entidade Rural de Couto de Arriba
- Entidade Rural de Xesteira
- Entidade Rural de Refoxos
- Entidade Rural de Pardiño
- Entidade Rural de Quintáns
- Entidade Rural de Sameiro
- Rúa Antonio Pérez
- Rúa do Asilo
- Rúa Barcelona
- Travesía Rúa Veleco
- Travesía O Borrón
- Rúa Brexiño
- Rúa Os Caeiros
- Rúa Camiño da Grenla
- Rúa Montiño de Arriba
- Rúa Monitño do Medio
- Rúa Montiño de Abaixo
- Travesía Narciso Pérez
- Rúa Pacheca

- Caleixón da Parra
- Rúa da Praia
- Caleixón da Rectoral
- Rúa Ribeira Mouta
- Rúa e Caleixón do Río
- Rúa Terra Santa
- Rúa Triana
- Rúa Vicente Risco
- Travesía Avenida Vilariño
- Rúa Vilar Ponte
- Rúa Carreira
- Avenida de Castrelo
- Rúa Castriño
- Rúa do Castro
- Rúa Chileta
- Rúa do Con
- Rúa A Corniña
- Travesía A Corniña
- Rúa da Fonte
- Rúa Fonte da Brua
- Caleixón Fonte Fefiñáns
- Rúa Granxa do Conde
- Rúa Joaquín Sánchez
- Travesía Montiño
- Rúa Pintor C. Sobrino
- Rúa Pintor C. Soutmaior
- Rúa Pintor Seoane
- Rúa Pintor Urbano Lugrís
- Rúa Os Píos
- Porto de Tragove
- Rúa Sabugueiro
- Rúa San Sadurniño
- Travesía San Benito
- Rúa Roque-Río
- Rúa Os Pazos
- Santa Mariña
- Avenida A Pastora (dende Os Pazos ata o camiño de O Castro)
- Entidade Rural de A Modia
- Entidade Rural de O Cruceiro
- Entidade Rural de O Riveiro
- Rúa A Mariña
- Travesía do Albariño
- Polígono Industrial Setepías

- Entidade Rural de A Bouza (Castrelo)
- Entidade Rural de O Facho
- Entidade Rural de Sartaxes
- Entidade Rural de Río da Ucha
- Entidade Rural de Tragrove
- Entidade Rural de Fornos
- Entidade Rural de Sineiro

### Segunda categoría

Entidades rurais de poboación das diversas parroquias, coas delimitacións determinadas pola Normativa Urbanística vixente neste Concello, segundo se indica a continuación:

- Castrelo: Adro, Baltar, O Castriño, Lourido, Outeiro, Quintáns, A Revolta, Serantellos
- Corbillón: Cortiñas de Abaixo, Laxes, A Veiga e Rúa Agrolongo
- Oubiña: Bouza do Rei, Campo da Vila, Cereixeira, Outeiro, Río Pequeno e Sobreiro
- Vilariño: Bouciña, Cacabelos, Casas Novas, Cortiñas, Cobas de Lobos, Cuiña, Laxe, A Pedreira, San Antón, e Rúa Priorato (A Modia)
- Cambados: Rúa Pinar do Rei

Ademais, entenderanse incluídos nesta categoría, tódolos establecementos e actividades , sitios no resto do territorio do municipio, non incluídos nas categorías anteriores.

Sobre as cotas incrementadas pola aplicación do coeficiente de ponderación e atendendo á categoría fiscal da vía pública na que radica fisicamente o local no que se realiza a actividade económica, establécese a seguinte táboa de coeficientes:

CATEGORÍA DE RÚAS	ÍNDICE
Para rúas ou territorio de 1ª categoría	1,5
Para rúas ou territorio de 2ª categoría	1,4

### ARTIGO 3- Bonificacións

As bonificacións potestativas a aplicar polo concello de Cambados sobre a cota do imposto son as seguintes:

#### 1. Bonificación por creación de emprego

1. Unha bonificación por creación de emprego do 50% da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementen o promedio do seu persoal de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

2. A efectos do cálculo do persoal medio terase en conta o seguinte:

a. O cálculo irá referido exclusivamente aos traballadores empregados en centros de traballo da empresa situados no municipio de Cambados.

b. Para o cálculo do persoal medio e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c. Non procederá a estimación do incremento se durante o ano correspondente ó segundo período impositivo anterior ó de aplicación da bonificación non se exerceu a actividade, como mínimo, durante os últimos seis meses do ano.

d. Canto aos traballadores incorporados pola empresa durante o ano correspondente ó período impositivo anterior ó de aplicación da bonificación, para o cómputo do persoal medio correspondente a devandito exercicio, só se terán en conta aos traballadores con contrato indefinido.

3. En Xaneiro do ano correspondente ó período impositivo de aplicación da bonificación, os titulares de actividades económicas con dereito a este incentivo, solicitarán o seu recoñecemento a Concellaría de Facenda, debendo aportar toda a documentación que lle sexa requirida por esta.

## 2. Bonificación por inicio de actividade sostible e ecolóxica

1. Unha Bonificación do 50% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que:

a) Utilicen o produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables o sistema de coxeración.

A estes efectos, consideraranse instalacións para o aproveitamento das enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de desenvolvemento das enerxías renovables. Son considerados sistemas de coxeración os equipos e instalacións que permitan a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

b) Realicen as súas actividades industriais, desde o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións remotas das áreas máis poboadas do Concello.

c) Establezan un plan de transporte para os seus empregados que teña como obxectivo reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ao lugar do posto de traballo e fomentar o uso dos medios de transporte máis eficientes como o transporte colectivo ou compartido.

2. Esta bonificación ten carácter rogado, debendo o suxeito pasivo instar o seu recoñecemento dentro dos dous primeiros meses do primeiro período impositivo no que a mesma resulte aplicable.

## DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente ordenanza fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018, derrogando as anteriores ordenanzas fiscais reguladoras deste imposto e permanecendo en vigor hasta a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Cambados, a 20 de Outubro de 2017.

Documento asinado na Sede Electrónica do Concello de Cambados, Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.